

## O PSdeG de Friol denuncia o "abuso de autoridade" dos gobernantes municipais cos nenos nunha praza pública

**O voceiro socialista, Álvaro Santos, presentará unha pregunta no pleno do vindeiro xoves sobre a preocupación de pais do concello por actuacións de membros do goberno cos nenos, aos que lles impiden xogar e utilizar o espazo público con normalidade**

**O socialista censura "a lamentable actitude" do PP, que "cre que as instalacións do concello son súas e non dos veciños" . Pídelle ao alcalde que censure as "actitudes autoritarias" vividas no pobo e que explique publicamente "se os nenos poden utilizar ou non a praza para xogar"**

O PSdeG-PSOE de Friol faise eco da preocupación de pais do concello, que lles trasladaron o "abuso de autoridade" de varios gobernantes municipais con nenos que xogaban na praza Andón Cebreiro. Segundo os veciños afectados, o xefe de obras do municipio arrebatoulles a pelota e recriminoulles que estivesen xogando alí, unha acción na que estivo presente tamén o tenente de alcalde, que é o delegado de obras, e que foi presenciada tamén polo alcalde, Antonio Muíña. Posteriormente, insinuaron xa diante de adultos que os que estaban alí presentes podían ser os causantes dalgúns destrozos no mobiliario público, e aseguraron que había risco de que os nenos tivesen un accidente cos cables eléctricos dos focos se xogaban nesa zona.

Ante esta situación e despois das queixas trasladadas polos pais, con accións que non é a primeira vez que se teñen producido, o voceiro socialista, Álvaro Santos, presentará unha pregunta no pleno do vindeiro xoves. Por unha banda, os socialistas queren que o alcalde diga publicamente se respalda ou censura ese tipo de "actuacións autoritarias" que el mesmo presenciou por parte do xefe de obras do Concello, e se as censura, se este comprotamento terá algún tipo de consecuencia. Por outra parte, esíxenlle a Antonio Muíña que aclare se a praza Andón Cebreiro, na que o concello gastou case 600.000 euros e que obrigou a trasladar a feira do centro do pobo, serve ou non agora para que xoguen os nenos. Santos quere saber, asimesmo, se as instalacións eléctricas da praza supoñen ou non un risco real e se teñen a seguridade que se lle esixe a unha instalación de uso público.

O PSdeG censura a "lamentable actitude" do PP, que "cre que as instalacións do concello son súas e non dos veciños", e lembra as verbas do alcalde cando falaba do proxecto da praza e aseguraba que quería vela "chea de nenos xogando e de maiores descansando". Agora, din, "xa está a praza feita e parece que é para admirar a obra do PP en vez de ser para o disfrute dos cidadáns".

Lugo, 18 de decembro de 2012

Saúdos,  
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo